

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión extraordinaria o 28 de xullo de 2015, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación a declaración de festa de interese turístico de Galicia do *Entroido de Vilariño de Conso*.

“ANTECEDENTES

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu, o 1.06.2015, o expediente relativo á declaración de festa de interese turístico de Galicia do *Entroido de Vilariño de Conso*, para a emisión do preceptivo informe, achegando a seguinte documentación:

- Informe da Área provincial de Ourense da Axencia Turismo de Galicia
- Informe da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Solicitud de declaración de festa de interese turístico do concello de Vilariño de Conso, así como Acordo do Pleno do concello de 24.09.2014 sobre a devandita solicitud, e memoria e documentación xustificativa

CONSIDERACIÓNS

I. Competencia

Emítense este informe sobre a declaración do Entroido de Vilariño de Conso como festa de interese turístico de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

II. Marco xurídico

1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93, que se atopa no título VII “Promoción e fomento do turismo”, no capítulo II “Medidas de promoción e fomento”, as festas de interese turístico de Galicia, disponendo:

“Artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.

A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.”

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) Antigüidade: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos.

b) Singularidade: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalar máis o evento.

c) Arraigamento: elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas

accións que permitan dar a coñecer ao maior número de persoas posibles a celebración do evento, xa sexa mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeneralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.

f) Continuidade no tempo. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

3. Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes **criterios de valoración:**

a) A facilidade de acceso, tendo especial valor aqueles eventos que procuran a maior accesibilidade, integración e participación do conxunto da poboación, con consideración, así mesmo, da perspectiva de xénero, tanto á acción festiva en si mesma como aos servizos necesarios para a súa celebración.

b) A estética, valorarase posta en escena da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e infraestrutura onde se celebre e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento tales como toldos e elementos decorativos.

c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares.

d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza.

e) A calidade dos actos que configuren a celebración.

f) A creatividade e innovación na celebración do evento.

g) O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes.

h) A afluencia de visitantes.

i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa.

4. No que respecta ao informe preceptivo e non vinculante que debe emitir o Consello do Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración.

III. Procedencia da declaración

En relación ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, o Entroido de Vilariño de Conso obxectivamente cumpre todos os requisitos establecidos no citado precepto.

Estamos ante unha festa que se ven celebrando desde antigo, un entroido tradicional de celebracións de rituais ancestrais polo que o requisito da antigüidade está sobradamente acreditado.

Posúe ademais un importante valor cultural xunto elementos singulares que o diferencian de outros entroidos, conta con arraigo na poboación e as accións promocionais son mais que suficientes cunha grande difusión nos medios de comunicación e redes sociais.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia

INFORMA

Favorablemente a declaración como festa de interese turístico de Galicia do Entroido de Vilariño de Conso.”